

# Curso 2019/2020

Centro Autorizado Profesional de  
Música “Cantiga”  
Sarria (Lugo)

Adaptación Programación Didáctica  
de Guitarra Eléctrica  
Departamento Corda  
12 Maio 2020

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da comunidade Autónoma de Galicia

**Profesor:**  
**Alejandro González González**

## ÍNDICE

- 1. Criterios de avaliación e mínimos esixibles**
- 2. Avaliación e cualificación**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**
- 4. Información e publicidade**

## **MATERIA DE GUITARRA ELÉCTRICA**

Dada a situación excepcional causada pola expansión da pandemia do COVID-19 e a consecuente suspensión da actividade escolar presencial, a programación elaborada para a materia de Guitarra, experimentará unha modificación significativa durante o terceiro trimestre, quedando como segue:

### **1. Criterios de avaliación e mínimos esixibles**

Poderanse flexibilizar os mínimos esixibles analizando cada caso de forma individualizada.

O grao de profundización estará baseado soamente na primeira e segunda avaliación.

Ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

Incorporase, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puido desenvolver.

### **PRIMEIRO GRAO ELEMENTAL**

#### **Criterios de avaliación**

Interpretación das pezas propostas polo profesor

Demostración, na interpretación das pezas propostas, da capacidade progresiva individual

Realización dos exercicios técnicos propostos polo profesor

#### **Mínimos esixibles**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia son os que figuran na programación como correspondentes ao 2º trimestre.

## **SEGUNDO GRAO ELEMENTAL**

### **Criterios de avaliación**

Interpretación das pezas propostas polo profesor

Demostración, na interpretación das pezas propostas, da capacidade progresiva individual

Realización dos exercicios técnicos propostos polo profesor

Para o control da calidade do son, dinámicas, fraseo, etc. é fundamental o emprego das picos e man esquerda

### **Mínimos esixibles**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia son os que figuran na programación como correspondentes ao 2º trimestre.

## **TERCEIRO GRAO ELEMENTAL**

### **Criterios de avaliación**

Interpretar estudos e obras do repertorio guitarrístico, propostas polo profesor segundo as necesidades de cada alumno e empregando a medida, dinámica, articulación e fraseo adecuados e velocidade

Amosar un control progresivo do son a través do uso e dominio do plectro.

Amosar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

Realización dos exercicios técnicos propostos polo profesor

Para o control da calidade do son, dinámicas, fraseo, etc.

### **Mínimos esixibles**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia son os que figuran na programación como correspondentes ao 2º trimestre.

## **CUARTO GRAO ELEMENTAL**

### **Criterios de avaliación**

Percepción e desenvolvemento das funcións motoras que interveñen na execución guitarrística, e da súa adecuada coordinación

Desenvolvemento da habilidade de cada man e da sincronización entre ambas

Afinación do instrumento

Aprendizaxe das formas de ataque, para conseguir progresivamente unha calidade sonora adecuada e realizar planos simultáneos.

Coidado e control do son.

Coñecemento de diferentes xéneros musicais empregados co instrumento.

Selección progresiva en cando ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio guitarrístico que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado

Lectura a vista

Adquisición de hábitos de estudo correctos

Adestramento permanente e progresivo da memoria

Iniciación a comprensión das estruturas musicais no seus distintos niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.) para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.

### **Mínimos esixibles**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia son os que figuran na programación como correspondentes ao 2º trimestre.

### **PRIMEIRO GRAO PROFESIONAL**

#### **Criterios de avaliación**

Interpretar as pezas propostas polo profesor na aula como mínimo tres delas de memoria, empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido, cunha utilización adecuada do esforzo muscular e da respiración e demostración do dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

Amosar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

Tocar estudos e obras a primeira vista.

Demostrar un control progresivo do instrumento, do son e dos distintos aspectos técnicos a través dos exercicios de técnica propostos.

Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento

Para o control da calidade do son, dinámicas, fraseo etc. é aprende a coordinar a pico cos dedos da man dereita.

### **Mínimos esixibles**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia son os que figuran na programación como correspondentes ao 2º trimestre.

## **SEGUNDO GRAO PROFESIONAL**

### **Criterios de avaliación**

Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.

Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos

da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria

Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación do instrumento.

Aplicar os coñecementos de armonía a instrumento

Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel

### **Mínimos esixibles**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia son os que figuran na programación como correspondentes ao 2º trimestre.

## **TERCEIRO GRAO PROFESIONAL**

### **Criterios de avaliación**

Interpretar as pezas propostas polo profesor como mínimo tres de elas de memoria, empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido, cunha utilización adecuada do esforzo muscular e da respiración e demostración do dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

Realizar os exercicios de técnica propostos durante o curso.

Amosar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

Demostrar un control progresivo do instrumento, do son e dos distintos aspectos

técnicos a través dos exercicios de técnica propostos.

Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos interpretativos.

Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio.

Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.

Para o control da calidade do son, dinámicas, fraseo, etc.

Mostrar alta capacidade para acompañar xogar en grupo.

### **Mínimos esixibles**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia son os que figuran na programación como correspondentes ao 2º trimestre.

## **CUARTO GRAO PROFESIONAL**

### **Criterios de avaliación**

Interpretar as pezas propostas polo profesor como mínimo tres de elas de memoria, empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido, cunha utilización adecuada do esforzo muscular e da respiración e demostración do dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

Realizar os exercicios de técnica propostos durante o curso.

Amosar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

Demostrar un control progresivo do instrumento, do son e dos distintos aspectos técnicos a través dos exercicios de técnica propostos.



Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos interpretativos.

Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio.

Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.

Para o control da calidade do son, dinámicas, fraseo, etc.

### **Mínimos esixibles**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia son os que figuran na programación como correspondentes ao 2º trimestre.

## **QUINTO GRAO PROFESIONAL**

### **Criterios de avaliación**

Interpretar as pezas propostas polo profesor como mínimo tres de elas de memoria, empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido, cunha utilización adecuada do esforzo muscular e da respiración e demostración do dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

Realizar os exercicios de técnica propostos durante o curso.

Amosar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

Demostrar un control progresivo do instrumento, do son e dos distintos aspectos técnicos a través dos exercicios de técnica propostos.

Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos interpretativos.

Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio.

Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.

Para o control da calidade do son, dinámicas, fraseo, etc.

### **Mínimos esixibles**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia son os que figuran na programación como correspondentes ao 2º trimestre.

## **SEXTO GRAO PROFESIONAL**

### **Criterios de avaliación**

Interpretar as pezas propostas polo profesor como mínimo tres de elas de memoria, empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido, cunha utilización adecuada do esforzo muscular e da respiración e demostración do dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

Realizar os exercicios de técnica propostos durante o curso.

Amosar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

Demostrar un control progresivo do instrumento, do son e dos distintos aspectos técnicos a través dos exercicios de técnica propostos.

Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos interpretativos.

Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio.

Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.

Para o control da calidade do son, dinámicas, fraseo, etc.

### **Mínimos esixibles**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia son os que figuran na programación como correspondentes ao 2º trimestre.

## **2. Avaliación e cualificación**

**Procedemento de avaliación:** Terase en conta o traballo realizado durante a 1ª/2ª avaliación e realizarase por vía telemática (os medios utilizados poden consultarse no apartado da metodoloxía) traballo de repaso, recuperación e reforzo a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións).

Para este fin utilizaranse segundo as necesidades individuais do alumnado as seguintes **ferramentas:**

**Observación sistemática:** utilizarase este procedemento para valorar as actividades de repaso/reforzo/ampliación/recuperación por vía telemática a partir da declaración do estado de alarma, deixando constancia dos resultados obtidos polo alumnado empregando o procedemento ordinario (caderno de seguimento do alumnado) e tendo en conta que en ningún caso minorarán as cualificacións.

**Audicións internas:** teranse en conta as realizadas durante a 1ª e 2ª avaliación

**Técnicas audiovisuais:** enviarase por parte do alumnado material audiovisual (audio/video) que sirva de referencia para valorar as aprendizaxes do alumnado a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións).

Gravacións en audio, vídeo ou soporte informático

**Informes:** a partir da declaración do estado de alarma, o alumno recibirá periódicamente informes personalizados por calquera das vías telemáticas utilizadas polo centro, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a cualificación outorgada.

**Cualificación final.** Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica instrumental, considérase que se trata dun proceso de evolución progresivo e continuo, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación tomaranse como referencia para o cálculo da cualificación final. Ademais esta poderá incrementarse ata un máximo de 2 puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma e nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

**Recuperación da 1ª e 2ª avaliación.** O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases, probas e o envío de gravacións de audio/vídeo que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica.

As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

**Proba extraordinaria de setembro.** O alumnado que non acade unha cualificación positiva (5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación. A devandita proba extraordinaria consistirá nunha interpretación práctica no instrumento baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación. Os criterios de cualificarán serán os que seguen:

.-precisión técnica 50%

.-interpretación 50% (son, musicalidade, fraseo, interpretación).

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a

situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

**Avaliación de materias pendentes:** As instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/ 2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no apartado 8.810, establece:

*“A recuperación de materias pendentes relacionadas coa práctica instrumental, procedemento I, vocal ou de danza farase na clase do curso seguinte”.*

Partindo desta premisa, cualificarase ao alumnado en base ao referido na modificación da programación do curso anterior, tendo en conta que se realiza de forma integrada na materia instrumental do presente curso.

As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

### **3. Metodoloxía**

#### **Actividades**

Ao longo do terceiro trimestre vanse realizar actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados nos dous primeiros trimestres do curso. A realización cando se lles indique destas tarefas será o que determine se os alumnos que tiveran a materia suspensa recuperan esas avaliacións ou non.

Estas actividades consistirán no repaso e mellora da técnica e interpretación das obras establecidas durante o 1º e 2º trimestre do curso.

#### **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)**

O aspecto principal nas circunstancias actuais é que todo o proceso de ensino-aprendizaxe se realiza de modo non presencial. Porén, a atención á diversidade do alumnado, considérase elemento central da metodoloxía establecida:

A via principal de todo o proceso de ensino-aprendizaxe durante o declarado

estado de alarma consiste na asistencia ás clases vía telemática.

Elaboranse materiais diferentes adaptados ás necesidades dos alumnos e respéctanse os diferentes ritmos de aprendizaxe que presentan.

Potenciase o uso das Tics, tanto para o envío das tarefas aos alumnos como para a devolución destes ao mestre unha vez realizados.

Mantense o papel facilitador do docente, que actúa como acompañante e guía en todo o proceso de aprendizaxe, preguntando aos alumnos as dificultades que atopan e resolvendo as súas dúbidas.

Naqueles casos nos que o alumnado atope dificultade para seguir as clases vía telemática, utilizarase material audiovisual (vídeo/ audio) para reforzar a continuidade da aprendizaxe.

### **Materiais e recursos**

Profesorado:

Teléfono móbil

Ordenador, escáner, impresora

Conexión a internet

Slype, Webex, Zoom, correo electrónico, Whatsaapp

Libros de texto, partituras

Alumnado:

Dispositivo para conexión a internet

Skype e/ou Webex, Zoom, correo electrónico, Whatsaapp

Libro/os do alumno e partituras enviadas polo profesor

### **4. Información e publicidade**

A Dirección do centro realizará unha comunicación ás familias a través da páxina web do centro así como a través do correo electrónico. Nesa comunicación serán informados da publicación das modificación que cada docente realizou na programación das súas materias para o desenvolvemento destas durante o terceiro

trimestre do curso.

Así mesmo, cada mestre informará aos seus alumnos durante a próxima sesión deste feito. Tamén enviará un correo electrónico aos seus pais para informalos desta circunstancia anunciando que a programación desta materia ven de ser modificada e que poderá consultarse na carpeta que cada docente ten asignada para subir as tarefas semanais. Esa nota aparecerá no documento que recolle as tarefas elaboradas para esta semana e que cada mestre envía aos seus alumnos.

En todas as comunicacións se insistirá na necesidade de ler e analizar os aspectos máis destacados que recolle cada modificación.

As principais vías de comunicación co alumnado e familias son:

Email

Chamadas, videochamadas

Whatssapp

Plataforma Skype, Zoom